

RESUMO COLOCACIÓN DO PRONOME ÁTONO.- ([WIKIBOOKS](#))

Por regra xeral, o pronome vai colocado sempre **detrás** do verbo e pegado a el.

Pronome ben colocado	Pronome mal colocado
Gustou me a película	A película me gustou
Onte vinte pola rúa	Onte te vin pola rúa

Hai determinadas palabras que, precedendo ao pronome, fan que o pronome se coloque **diante** do verbo. Neste caso o pronome non vai pegado ao verbo. Estas palabras son:

●As que marcan subordinación: **que** (aínda que, sempre que, posto que, xa que, ...) **se** ...

Pronome ben colocado	Pronome mal colocado
Dixo que te vira onte	Dixo que vírate onte
Se llo regalas, terás un premio	Se regálasllo, terás un premio

●Os adverbios de negación e afirmación, sempre que actúen sobre o verbo en cuestión (**non**, **nunca**, **xamais**, **si**, **tamén**)

Pronome ben colocado	Pronome mal colocado
Non o vin	Non vino
Si o vin	Si vino
Non1, vino	Non1, o vin
Si1, vino	Si1, o vin

Apuntamento 1: Nestes casos non hai atracción do persoal a antes do verbo pois o adverbio non actúa sobre este. Obsévese que a oración do verbo precedido por "non," é afirmativa. O mesmo acontece con "si,"

●Os adverbios de dúbida (**quizais, tal vez, seica, disque**)

Pronome ben colocado	Pronome mal colocado
Quizais che pregunte mañá a lección	Quizais pregúnteches mañá a lección
Seica te veu ver teu pai	Seica veute ver teu pai

●Algúns outros adverbios: **xa, só, ben, mal, axiña, aínda, máis, menos, velaquí, velaí, en seguida, deseguida, sempre, algures, cedo, igual ('do mesmo xeito'), peor, mellor, tarde,...**

Pronome ben colocado	Pronome mal colocado
Xa cho dixo aquela rapaza	Xa díxocho aquela rapaza
Só llo contei á miña sogra	Só conteillo á miña sogra
Sempre te estás a meter comigo	Sempre estaste a meter comigo
Aínda cho pedín o outro día	Aínda pedincho o outro día
Máis nos valería marchar	Máis valeríanos marchar
Aquí o tes	Aquí telo

●Con algúns adverbios é posible tanto a anteposición como a posposición. A escolla dunha ou doutra depende da secuencia. Son estes adverbios: *aquí, alí, aí, alá, acá, aló, acó, acolá, así, logo, agora, sequera...*

Anteposición	Posposición
Aquí o tes	Aquí ha iche moita froita
Así pásao mellor	Así cho dixo?
Agora cho dou	Agora cháman lle a marquesiña

●Os pronomes interrogativos: **onde, cando, canto, como.**

Pronome ben colocado	Pronome mal colocado
Canto lle deches ... ?	Canto décheslle ... ?

● Algúns indefinidos: Estes indefinidos son: **ninguén, nada, ningún, algo, alguén, ambos, bastante, calquera, entrambos, mesmo, todo**. Outros indefinidos non provocan polo xeral a anteposición, se ben nalgún contexto pode ocorrer: **algún, outro, un, os mais, os demais, moi, pouco, tal, tanto, tan**. Hai tres indefinidos que nunca provocan a anteposición do pronome: **cada, varios, certo**.

Pronome ben colocado	Pronome mal colocado
Ninguén mo dixo	Ninguén díxomo
Nada che debo	Nada déboche

● Nalgúns casos o pronome pode ir **diante** ou **detrás**:

- Cando o precede unha preposición.

Pronome ben colocado
Para dicir lle iso cómpre valor
Para lle dicir iso cómpre valor

- Nas perífrases verbais pode ir a carón do verbo principal (téño**che** que dicir), despois da conxunción ou preposición (teño que **che** dicir) ou detrás do infinitivo (teño que dicir**che**)

Pronome ben colocado	Pronome mal colocado
Teño che que dar unha boa noticia	Che teño que dar unha boa noticia
Teño que che dar unha boa noticia	
Teño que dar che unha boa noticia	

Tamén hai anteposición

- Nas oracións desiderativas.

Pronome ben colocado	Pronome mal colocado
O demo te leve!	O demo lévete te !
Mal raio te parta!	Mal raio pártate te !

- Cando un membro do enunciado como obxecto directo se despraza para o comezo.

Pronome ben colocado	Pronome mal colocado
Unha verdade vos digo	Unha verdade dígov os

Ás veces a colocación depende do significado:

- No caso de **logo**.

Logo = despois	Logo = axiña
Logo acompañote	Logo te acompañ